



UNHA VOZ ROMPEDORA Unidade didáctica
Africa B. López Souto



*Concepción
Arenal*

A visitadora de cárceres



XUNTA DE GALICIA





AGRADECEMENTOS

Ás miñas boas amigas, pola súa inalterable confianza, respecto e xenerosa escoita.

A Javier Anta, polo seu acompañamento durante a elaboración deste traballo.

A Axel, Daniel e a miña nai, por ter que convivir coas miñas teimas.

Edita: Xunta de Galicia
Secretaría Xeral da Igualdade

Lugar: Santiago da Compostela

Ano: 2014

Coordinación: Zenit TV

Deseño: Manuel Silva

D.L.: C 247-2014



UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica

Africa B. López Souto



*Concepción
Arenal*

≈ A visitadora de cárceres ≈





UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica



PRESENTACIÓN
FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA
SINOPSE
MAPA CONCEPTUAL



Bloque 1
CONCEPCIÓN ARENAL, UNHA GRAN PENSADORA
ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES



Bloque 2
POR UNHA SOCIEDADE SEN MALTRATO
ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES



Bloque 3
POR UN TRABAJO SEN EXPLOTACIÓN
ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES




Bloque 4
POR UNHA EDUCACIÓN IGUALITARIA
ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES





UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica



PRESENTACIÓN
FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA
SINOPSE
MAPA CONCEPTUAL



PRESENTACIÓN

Concepción Arenal é un nome que aparece en rúas, parques, bibliotecas, colexios, institutos, centros culturais e monumentos de numerosas vilas e cidades galegas e tamén españolas. Porén, a muller que se agacha detrás de toda esa reiteración non sempre é moi coñecida.

Esta unidade didáctica pon o foco da luz pública e divulgativa sobre ela, para así contribuír ao coñecemento do seu legado cultural, o cal, o mesmo que outras meritorias obras de mulleres, decotío apenas ten cabida nos plans de estudo. En efecto, mesmo recoñecendo que nos últimos anos se mellorou, queda moito por facer de cara á eliminación do prexuízo de que os grandes acontecementos da historia humana levan “nome de home”.

Consideramos que é importante asumir e interiorizar que unha historia (política, cultural, científica, económica, da vida cotiá...) amputada da parte feminina da humanidade é, como mínimo, mentireira ou parcial. Ademais, ten como efecto colateral ben grave, a condena á ausencia de modelos e de xenealoxía feminina que poidan servir de espello para quen están en idade de medraren e construírense como persoas.

Intentaremos, en consecuencia, profundar e ampliar o coñecemento das contribucións de mulleres ao mundo en que vivimos. Neste caso, da man das elocuentes imaxes de Concepción Arenal e o seu traballo como pensadora social e visitadora ou inspectora no ámbito das prisións. Un anaco da súa vida, do seu pensamento, do seu traballo, das súas loitas que amosa nidiamente o afán rompedor de hábitos, de estereotipos, de moldes prefixados que representa a súa comprometida e coherente figura. Sirvan, pois, estas palabras como invitación para

ver e debullar *Concepción Arenal, visitadora de cárceres*.

Coa idea de que ver o filme sexa o máis enriquecedor posible, a unidade achega suxestións variadas para ser empregadas da forma que se considere máis oportuna. Aconsellamos unha primeira visión da película sen lectura previa de ningún material, para logo internarse na unidade didáctica e na análise do filme. Posteriormente será cando se seleccionen –e adapten, cando se considere preciso– os textos e actividades que se propoñen para traballar co alumnado.

A unidade didáctica está dividida en catro bloques, organizados internamente segundo o mapa conceptual proposto. No primeiro deles, partimos da presentación de Concepción Arenal como unha muller do XIX español, unha pensadora e autora dunha ampla e relevante obra de carácter social. Coñeceremos algo deste século, da súa vida, das súas loitas e tamén do seu orixinal pensamento, e rastrexaremos algunhas pistas que nos ofrece a película case de esguello.

Pasando das marxes ao centro, en segundo lugar, achegarémonos ao pensamento social de Concepción Arenal (“esa cuestión de cuestións que se chama a *cuestión social*”, como dicía ela), en particular no seu traballo nas prisións. Neste apartado penetramos na cerna do tema do filme, e en gran medida, no núcleo do pensamento arenaliano. Por un lado, fixarémonos en como era a vida en prisión e nas formas de castigo da época abordada, e por outro, na forma en que Concepción Arenal (e ao seu carón, a súa amiga Juana de Vega e as Magdalenas) busca poñer en práctica unha nova forma máis humanitaria e moralizadora de entender as penas e a reinserción das e dos penados, similar á que se estaba a estender por diferentes lugares de

Europa.

Imbricado coa nova concepción das formas de castigo da delincuencia atópase un gran labor teórico e práctico realizado por Concepción Arenal no relativo á educación –especialmente das mulleres– e ao traballo dos obreiros e obreiras. Na película reflíctese magnificamente como o xeito de tratar as penadas e penados nos cárceres non é independente da idea de sociedade que se teña. Concepción Arenal tiña moi claro –e xa o mostrara en obras anteriores ao seu labor en prisións– que a educación é fundamental dentro e fóra dos cárceres e outro tanto pode dicirse da dignidade do traballo e das persoas traballadoras... Estes son os ámbitos estudados nos bloques 3 e 4.

Como se verá, cada bloque está estruturado internamente dun modo similar: tras unhas indicacións preliminares de carácter didáctico, preséntase unha explicación que pretende encadrar o tema do bloque e as secuencias que se presentan a continuación, para logo enlazar cos textos e actividades que se propoñen deseguido. Consideramos que a partir dos textos e das actividades, a curiosidade e afán de saber de cada quen, pode levarnos a establecer innúmeras relacións. É por iso que se engaden algúns recadros con suxestións para proseguir as indagacións. Gran parte das actividades precisan do recurso á internet ou medios audiovisuais para seren realizadas (en caso de non ter acceso no centro poderían ser realizadas fóra del).

Como usar o material desta unidade?

Como se vén apuntando, a idea desta unidade didáctica é a de ofrecer material vario para abrir ou suxerir diversos camiños. Dependendo de se a película se vai traballar desde unha ou outra materia, de se se lle vai dedicar máis ou menos tempo, e,

sobre todo, do grao de implicación ou aceptación que se consiga por parte do alumnado, haberán de seleccionarse os textos e actividades. Tamén se pode propoñer que se distribúan actividades entre varios grupos, para logo realizar unha posta en común na que se compartan os resultados.

A fin de facilitar esta utilización aberta, o DVD anexo contén:

- unha versión en PDF da presente Unidade Didáctica.
- unha versión ampliada da Unidade Didáctica, denominada “Para seguir escudriñando”, na que se inclúe, ademais dalgúns textos e actividades máis, información detallada para o profesorado: bases didácticas, orientacións e bibliografía e recursos en internet (cos hiperenlaces activados). Esta versión aparece en formato PDF e en DOC (Word), para quen queira introducir adaptacións adicionais.
- unha versión desta unidade para o alumnado, en formato PDF e tamén en formato DOC (Word) por idéntico obxectivo que o anterior.
- unha análise completa do filme, dirixida ao profesorado que desexe realizar unha aproximación ao filme na súa totalidade, atendendo a aspectos históricos, culturais e, especialmente, de linguaxe audiovisual.
- o guión literario do filme, que pode resultar moi útil para identificar adecuadamente as secuencias a través do seu número.

Como se encadra isto nos plans de estudo?

Por tratarse en gran medida de reflexións arredor da igualdade de mulleres e homes, así como ao resalte doutros valores como a equidade, o pacifismo, o respecto e a dignidade das persoas... de forma transversal, podería ser utilizada en múltiples materias (en especial, as de tipo de tipo hu-

manístico).

Por outra banda, a unidade pode relacionarse con diversos aspectos de materias do actual bacharelato (DOG, do 19 de xuño de 2008), posto que contribúe a desenvolver varios dos seus obxectivos xerais, como o desenvolvemento de capacidades para exercer a cidadanía democrática e a adquisición dunha conciencia cívica responsable, o fomento da igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, o coñecemento e valoración crítica da realidade do mundo contemporáneo, o afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

Ao nivel da ESO, a unidade didáctica contén actividades que poden contribuír ao desenvolvemento

de diversas competencias básicas, principalmente a competencia social e cidadá e a competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Así mesmo, sería válida para empregar no desenvolvemento de proxectos interdisciplinares nos que colaboren o departamento de historia e/ou filosofía, para actividades da biblioteca e dos clubs de lectura etc. Pensando máis na propia película que nas actividades, pode resultar interesante para estudos superiores de Traballo Social, historia do pensamento social noutros estudos universitarios, e mesmo para Dereito.

En calquera caso, o que nunca se debería deixar de lado é o intento de que resulte nunha aprendizaxe activa e comprometida.



FICHA TÉCNICA:

Ano: 2012

Duración: 88 minutos

Xénero: drama histórico, drama carcerario. Biográfico. Baseado en feitos reais.

Directora: Laura Mañá

Guión: Rafa Russo e Laura Mañá

Produción executiva: Zaza Ceballos e Miriam Porté

Produción: Zenit Televisión e Distinto Films

Coprodución: Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya, Televisión española

Reparto: Blanca Portillo (Concepción Arenal), Mabel Rivera (Juana de Vega), Pere Arquillué (Garrido, alcaide da prisión de mulleres), Anna Casas, Diana Gómez, Óscar Rabadán, Xosé Barato, Luisa Merelas, Isabel Naveira, Candela Fernández, Fermí Reixach, Juanma Lara.

Fotografía: Sergi Gallardo

Música: Francesc Gener



SINOPSE:

No século XIX, Concepción Arenal, unha pensadora social preocupada polas condicións de vida nas prisións, consegue o cargo de visitadora do cárcere de mulleres da Coruña. Durante preto de dous anos procura cambiar de raíz as formas de tratar as presas implicándose por completo na súa tarefa, na que colaboran a súa amiga Juana de Vega e o grupo das Magdalenas. Non lle será doado confrontarse a todo o sistema establecido arredor do maltrato e explotación das mulleres no cárcere, mais ela non se rende con facilidade.

MAPA CONCEPTUAL

*Concepción
Arenal*

— A visitadora de cárceres —



Bloque 1

UNHA GRAN PENSADORA (SOCIAL)

que loita por

que se consegue con



Bloque 2

UNHA SOCIEDADE SEN MALTRATO

que se consegue con

NOS CÁRCERES

- sen exhibicionismo dos castigos
- sen torturas
- sen violencia
- (física, sexual, psicolóxica...)

FÓRA DO CÁRCERE

- reclamando os dereitos da infancia, das mulleres, das persoas presas, traballadoras...
- sen guerras, sen escravismo, sen inxustizas





Bloque 3

UN TRABAJO SEN EXPLOTACIÓN

que se traduce en

NOS CÁRCERES
lavadeiras,
bordadoras,
(curtidoras)

**TRABALLOS DIGNOS
E REMUNERADOS**
para mulleres (e homes)

FÓRA DOS CÁRCERES
Médicas, mestras, sacerdotisas,
reloxeiras, escribentes, avogadas,
farmacéuticas, notarias...



Bloque 4

UNHA EDUCACIÓN IGUALITARIA

NOS CÁRCERES
- para reclusas/os
- para empregados/as
do cárcere

e

FÓRA DOS CÁRCERES
para mulleres e homes,
persoas ricas e pobres,
na infancia e na idade...





UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica



Bloque 1:
**CONCEPCIÓN ARENAL, UNHA GRAN
PENSADORA**

ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES



Bloque 1: UNHA GRAN PENSADORA

NÚCLEO CONCEPTUAL

Concepción Arenal, como pensadora social.
A invisibilidade das grandes figuras femininas na historia da humanidade.

SECUENCIAS DE REFERENCIA

- Época: 3, 59
- Vida: 17, 57, 96
- Obra e pensamento: 74, 106-107, 128

ENCADRAMENTO

Concepción Arenal, unha atractiva seriedade

A súa época. A vida de Concepción Arenal transcorre no século XIX. Vive, de cerca, os continuos enfrontamentos entre gobernantes de tipo liberal, de ideoloxía constitucionalista, republicana e progresista, e conservadores, de tendencia monárquica en xeral. Na época en que se sitúa a película é raíña Isabel II, filla de Fernando VII, e teñen lugar as guerras carlistas entre os partidarios de Isabel II e os de Carlos, irmán de Fernando VII, que non aceptaban como herdeira a unha muller. No século XIX apenas existía unha clase media e é un século de miseria na ampla clase baixa, de explotación no traballo (practicamente non existían dereitos laborais ou sindicatos) de reclusión das mulleres no ámbito doméstico (como “anxo do fogar”), sen educación practicamente, de loitas sociais e tamén é a época do nacemento das ciencias humanas e sociais, entre elas, a Socioloxía.

A súa vida. Concepción Arenal Ponte naceu en Ferrol en 1820. O seu pai, Ángel del Arenal, un militar liberal que morreu cando ela era aínda cativa, tras ser desterrado polos seus ideais, exercerá unha influencia notable nela, tanto na súa preocupación polo ámbito social e as leis como no seu talante idealista, aberto e crítico. Logo da súa morte, Concepción marcha, xunto coa súa nai e as súas dúas irmás, a Armaño, unha aldea de Cantabria, preto de Potes. Alí, na casa da familia paterna, ten acceso aos libros de Dereito que pertencían ao seu pai. Uns anos despois, a súa nai, decide marchar para Madrid, para que as súas fillas teñan unha “educación de señoritas”, pero Concepción rebelarase e buscará outro tipo de educación. Deste xeito asistirá durante algúns anos a clases na facultade de Dereito da Universidade Central, aínda que terá que vestirse de home para poder facelo. En 1948 casa con Fernando García Carrasco, un xornalista liberal co que



terá dous fillos e unha filla, que morrerá sendo moi pequena. Con el, escribe no xornal de tintura progresista *La Iberia*, e parece ser que de cando en vez vai aos faladoiros do Café da Pasaxe do Iris, tamén travestida con roupas masculinas. Por esta época fai incursións literarias, e escribe obras de tipo moi diverso: novela, zarzuela, teatro, fábula.

Queda viúva bastante nova e, aínda que procura vivir do que publica, non pode facelo por moito tempo, posto que non deixan que asine con nome de muller no xornal. Marcha de novo a Potes, onde coñece ao violinista Jesús de Monasterio e, a suxestión del, funda unha sección de mulleres nas Conferencias de San Vicente de Paul, unha organización benéfica. Estando alí envía un escrito para participar nun concurso –co nome do seu fillo maior, que por aquel entón posuía 11 anos– e gáñao. Vive un tempo en Oviedo. E segue a escribir.

En 1863 é nomeada visitadora de prisións para o cárcere de mulleres da Coruña, un posto creado *ex profeso* para ela polo Ministro de Gobernación Vaamonde. Neste traballo mantivo, como será propio dela, unha actitude combativa e humanizadora. Xunto con Juana de Vega (que de nova fora aia da raíña Isabel II, e neste momento é moi amiga súa), colabora no traballo de axuda ás presas. Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, tiña unha casa na rúa Real da Coruña na que mantiña parladoiros con xente de carácter liberal, e tamén un pazo en San Pedro de Nós, ao que invita de cotío a Concepción Arenal. A película recolle precisamente este período vital e profesional da nosa autora: os aproximadamente dous anos nos que se mantén neste cargo, do que acaba por ser cesada.

Continuará, no entanto, publicando, investigando sempre arredor de temas de carácter social: a xente pobre, presa, obreira, sobre as mulleres... En 1868 é nomeada en Madrid inspectora de casas de corrección de mulleres –un cargo similar ao de visitadora– ata 1873. Funda o xornal *La Voz de la Caridad*, é membro da Comisión de reforma do Código penal, dirixe o hospital de sangue de Miranda de Ebro durante as guerras carlistas, participa enviando escritos a congresos penais en toda Europa (Estocolmo, Roma, San Petersburgo, Amberes), e é recoñecida no exterior de España como unha importante penalista.

Morre en 1893 na cidade de Vigo, onde está enterrada no cemiterio municipal de Pereiró. No epitafio do monumento funerario que alí lle dedicaron recóllese o lema “á virtude, a unha vida, á ciencia”, dando idea da coherencia entre a súa vida e pensamento.

A súa contribución á historia das mulleres (e homes). Tras a súa morte, obtivo múltiples recoñecementos, ás veces terxiversando a súa figura, posto que foi moi coñecida, bastante menos lida, e de cotío citada de forma descontextualizada. En todo caso, aquí queremos divulgar a súa importancia como pensadora social con entidade propia, loitadora polos ideais sociais nos que cría, rompedora de tradicións e formas de facer incrustadas na sociedade, merecedora das numerosas institucións e rúas que levan o seu nome...

Así mesmo, e ao fío do dito, neste apartado pretendemos reflexionar sobre a necesidade de coñecer e poñer en valor o traballo e pensamento de mulleres relevantes, para que non fiquen na rexión do esquecemento, como foi moi habitual ata hai unhas décadas, cando os estudos de mulleres en diferentes países occidentais comezaron a reivindicar reiteradamente e a levar a cabo este tipo de investigacións.



SECUENCIAS



[A. A SÚA ÉPOCA]

SEC. 3- EXT. RÚAS DA CORUÑA. DÍA

Cartela: A Coruña, 1863.

Unha rea, PETRA GRAÑA, duns trinta anos, co pelo rapado, descalza, esquelética na súa extrema desnutrición, é trasladada en procesión cara á praza onde será executada. A súa sucidade e desaliño son extremos. Condúcea GREGORIO ("GOYO"), trinta e moitos anos, rudo, rostro impenetrable, e uniforme de empregado de prisións (cabo de vara).

NARRADOR (V.O.)

Aqueles foron anos inestables... O país desan-grárase coas guerras carlistas e ía dando tumbos con breves gobernos de conservadores e liberais, pero non era quen de romper cadeas co Antigo Réxime... E outro tipo de espectáculo público congregaba ós dignatarios e á cidadanía...

A rea, con grillóns, escoita os insultos da xente que a ve pasar. A súa mirada está ausente. Os seus movementos, mentres avanza coa cabeza gacha aos tumbos, son os dun animal asustado.

POBO

Asasina! Filla do demo!



Os e as viandantes arremuíñanse ao seu ao redor, rapidamente fórmase un enxame de xente que sae das súas casas e non quere perder o espectáculo.

Tamén hai rapazada na comitiva. Unha muller, A NAI DE PETRA, tenta abrirse paso tentando achegarse, sen éxito á súa filla.



[B. A SÚA VIDA]

SEC. 17- EXT. ACANTILADO. ATARDECER

Concepción e JESÚS paseando e conversando. Ao fondo, o mar golpea con forza as rochas.

JESÚS

Londres, París, Bruxelas... pero a verdade é que boto moito de menos esta terra, a calor da xente e... e a ti... Díxenche que en París vin o teu *Manual do Visitador do Pobre* traducido ao francés? Fíxome moita ilusión velo alí entre Victor Hugo e Balzac.

CONCEPCIÓN

Non sería en compañía tan ilustre...

JESÚS

Si, abofé que si... Alí estaba... abríndolle os ollos tamén á intelectualidade francesa...

Ela ri..

JESÚS

Alégrame moito verte tan animada.

CONCEPCIÓN

E que estou... E asustada tamén...

JESÚS

Asustada ti? Creo que nese presidio aínda non saben con quen van topar...

CONCEPCIÓN


Esas mulleres levan moito tempo illadas, non coñecen os seus dereitos. Non teñen esperanza...

JESÚS

Hana recuperar...

Ambos os dous afástanse camiñando. Inseto de ondas de mar contra as rochas.

SEC.106

**[C. A SÚA OBRA E PENSAMENTO]****SEC. 106- INT. CASA DE CONCEPCIÓN. SALÓN. NOITE**

O lume está a arder na cheminea, Concepción mírao fixamente. Vémosla de costas. A súa cara denota impotencia. En Off escoitamos os seus pensamentos.

OFF CONCEPCIÓN

A miña vida... a quen lle importa?... Quen son eu?...

TEXTOS DE TRABAJO

T1. PENSANDO CON E A PARTIR DE CONCEPCIÓN ARENAL [Historia das mulleres]

O que se chama historia na vida intelectual da muller é unha andrómena, porque non se pode facer a historia do que non existe. As mulleres non tiveron ata aquí vida intelectual: algunhas vencendo todo xénero de obstáculos, eleváronse moi altas nas rexións do pensamento, como outras tantas protestas que dicían ao home: “Calumnias á metade do xénero humano”. Pero a estes raios de luz chamóuselles unha rara excepción, sen dudar nin un momento que poida haber erro nin dano en pensalo así. É de notar que en todos os seus xuízos acerca das mulleres os homes creñense infalibles: a súa opinión é unha especie de dogma; as súas ideas, artigos de fe. Aínda os que están dispostos a discutilo todo admiten mal a discusión neste terreo.

CONCEPCIÓN ARENAL, *A muller do porvir*, p. 23

- “As mulleres non tiveron ata aquí vida intelectual”: Que pensas de tal afirmación realizada en 1868? Logo compara coa actualidade.
- Busca e propón algúns exemplos desas “raras excepcións” anteriores á época da autora e ás que ela podería estar facendo referencia.
- Despois da súa morte, tamén se falou de Concepción Arenal como un “espírito viril”, como unha rara excepción (polo de ser “pensadora”...). Que pensas que opinaría ela ao respecto?
- Le de novo con calma o texto e propón un título ou idea principal que resuma o seu contido e sentido.

T2. PENSANDO CON E A PARTIR DE CONCEPCIÓN ARENAL [Biografía]

“E a ese pobo, María, que pasa indiferente,
que lle importa a vida dunha escura muller?
Se pensa, se delira; se reza ou se blasfema;
Se chora de amargura ou de pracer.
Se lume inextinguible a ilumina ou a queima.
Se din “está tola” ou enxalzan a súa razón.
Se pranto ou fel destila o seu ferido corazón.
A miña vida, a quen importa? Quen son eu?,

Unha folla caída que un día varrerá o furacán.

A que gravar un nome nesa pobre folla?

Po escrito no po, lembranza que o esquecemento borrará.

A miña vida! A quen importa? Quen escribirla intenta?

CONCEPCIÓN ARENAL, “La Ilustración Gallega y Asturiana, 8 de novembro de 1880”, p. 49

[trad. e subliñado propio]

(T2) Véxase actividade P2 deste mesmo bloque

T3. [A historia das mulleres]

Hai que escribir unha historia das mulleres? Durante moito tempo, a pregunta careceu de sentido ou non se presentou sequera. Destinadas ao silencio da reprodución maternal e caseira, na sombra do doméstico que non merece terse en conta nin contarse, teñen acaso as mulleres unha historia? Elemento frío dun mundo inmóbil, son auga estancada mentres o home arde e actúa: dicíanos os antigos e todos o repiten. Testemuñas de escaso valor, afastadas da escena onde se enfrontan os heroes donos do seu destino, ás veces auxiliares, raramente actrices –e, mesmo entón, só debido ao enorme fracaso do poder– son case sempre suxeitos pasivos que aclaman aos vencedores e se laian da súa derrota, eternas choromiqueiras cuxos coros acompañan ás caladas todas as traxedias.

E ademais, que se sabe das mulleres? As pegadas que deixaron proveñen menos delas mesmas –pois <<non sei nada; xamais lin nada>>– que da mirada dos homes que gobernan a cidade, constrúen a súa memoria e administran os seus arquivos.

(...) E elas, que din elas? A historia das mulleres é, en certo modo, a do seu acceso á palabra. (...) Sincopada, a voz das mulleres medra co paso do tempo, sobre todo nos dous últimos séculos, debido principalmente ao pulo feminista. Sería imposible lela de maneira lineal: toda intervención, cada xeito de expresión, deben situarse no seu lugar e o seu momento e compararse coas formas masculinas. Falar, ler, escribir, publicar: toda a cuestión das relacións entre os sexos na creación e na cultura subxace ás fontes mesmas.

GEORGES DUBY E MICHELLE PERROT, “Escribir la historia de las mujeres”, no vol. I da Historia de las mujeres, pp. 7-17 [trad.propia]






T4. [Valoración de Concepción Arenal desde a II República]

Si, Concepción Arenal é o paralelo feminino español máis acabado do tolo xenial e bo de Cervantes. Coma el saíu numerosas veces polo páramo da indiferenza española en defensa de todas as inxustizas e de todas as dores; quebrou lanzas do seu espírito a favor do miserable e do caído; do preso preventivo, ao que se priva duramente da liberdade sen terse establecida a súa culpa; do penado, esquecido e degradado por un sistema caótico e anticientífico; polos nenos, abandonados á miseria e á vagancia que os corrompe; pola muller, espoliada de actividade e de dereitos; pola cuestión social, mal formulada e non resolta; contra a guerra, criminal e perturbadora; contra a rebelión, fratricida e antinacional; contra todo o que é inxustiza, erro e dor. E aínda que garda máis dunha similitude, porque non deixou de ser moi zorregada, ofrece unha diferenza: que así como o noso símbolo espiritual, o Quixote, recobra a razón antes de morrer e entón mide e comprende todas as súas teorías, deixándonos lamentar que non poida verificar unha cuarta saída, en que a forza do seu brazo e o lume do seu corazón tiveran aplicación máis acertada; ela puido morrer tranquila, porque xamais deixou de iluminar as súas xenerosas empresas a luz da razón, serena, contrastada, que sempre impecable, a sostén.

Na súa vida: incansable e non doada contenda en defensa de todo ideal xeneroso e nobre non soou a hora da xustiza; tampouco chegou por completo despois da súa morte. Só chegará para ela, o día en que o seu pobo, ao que con vehemencia amaba, medite ao fin, serenamente, naqueles anhelos de dereito, fraternidade e paz con que Concepción Arenal soñaba, e aos que deu a súa mente poderosa, o seu corazón inmenso, a súa temperada vontade.

CLARA CAMPOAMOR, *El pensamiento vivo de Concepción Arenal*, p. 48 [trad. propia]

(T5) Pode resultar de interese ver a película Clara Campoamor, la mujer olvidada

-  • Busca información sobre Clara Campoamor (en que época viviu?, a que se dedicou?, por que debe ser lembrado o seu nome?)
-  • A quen se refire Clara Campoamor con “ese tolo xenial e bo de Cervantes”? Que sabes del?
-  • Recolle coas túas palabras e numera as inxustizas contra as que Clara Campoamor di que loitou Concepción Arenal.
-  • En que se parecen e en que se diferencian o Quixote e Concepción Arenal, segundo Campoamor?
-  • Cando triunfará a loita de Concepción Arenal, segundo Campoamor? Que opinas ti sobre iso?

ACTIVIDADES

PEGÁNDONOS Á PANTALLA (P)



P1. “Contexto histórico”. *Tras ver a secuencia 3:*

- a) Busca información sobre as guerras carlistas (De onde deriva o seu nome? Cal era a pretensión das sublevacións? Cantas houbo?).
- b) Busca información sobre algúns gobernos conservadores e outros liberais no século XIX. Investiga tamén quen reinou en España nese século e concretamente entre 1863 e 1865, anos nos que se sitúa a película.
- c) Que significa a expresión “Antigo Réxime”? Cales son as súas características principais?

P2. “Biografía”. *En varias secuencias (57, 59, 96...) faise referencia a acontecementos da vida da nosa autora. Non obstante, en xeral, pode dicirse que non sabemos moito sobre ela, en gran medida debido a que a Concepción non lle gustaba falar de si mesma (como se recolle nas secuencias 106-7 e no T2) posto que quería separar a súa vida persoal da obra.*

- a) Cres que un autor/a de recoñecida importancia ten dereito a que se lle respecte a súa intimidade? Ata que punto?
- b) Fíxate nas secuencias en que aparece Concepción cos seus fillos ou escribindo, na intimidade, que tipo de colorido teñen? Que sensación nos comunica tal elección cromática?
- c) Contrasta esas tonalidades coas do interior da prisión. Que cores predominan? Que sensación comunican?

(P2 b,c) Podes continuar profundando sobre o uso das cores se les a Análise do filme (por exemplo, a análise da secuencia 3).

- d) Nas mesmas secuencias de Concepción Arenal escribindo, e tamén noutras, escóitase unha voz de fondo... Que significa “voz en off”? Que é o contrario de “off” en inglés? Poderías suxerir unha tradución ao galego? Que significa “voz en over”?

(P2 d) Podes continuar profundando sobre o uso das voces na Análise do filme (por exemplo, repara no uso de voz en over na análise da secuencia 3).

P3. “Arenal, pensadora”.

Tendo en conta as secuencias 17 e 24 responde ás seguintes cuestións:

a) Hai varias secuencias en que Concepción Arenal aparece escribindo. Reflictese dese modo o seu inxente labor como escritora, que deu lugar a unha extensa bibliografía. Fíxate con que instrumentos escribe e contrasta coa maneira en que escribimos na actualidade.

b) Na secuencia 21 Jesús de Monasterio, un gran amigo, notable violinista e compositor, anima a Concepción falándolle de que a súa obra *EL visitador del pobre* está xa traducida ao francés. Indaga e descobre que obra de Concepción Arenal foi publicada antes en francés que en español.

(P3, b) Pode resultar de interese escoitar a través de youtube, por exemplo, a obra “Adiós a la Alhambra”, de J. Monasterio, que lle gustaba moito a Arenal.

c) A trama argumental básica da película é unha licenza histórica ou artística. O caso de Petra é unha ficción que consegue manter a intriga e comunicarnos o espírito do pensamento penal arenaliano. Pensas que se o guión se cinxise aos poucos datos biográficos dos que dispoñemos tería atractivo a película? Poderías ti poñer o exemplo dalgunha outra película na que detectaras algunha licenza histórica?

(P3 c) Podes continuar profundando na Análise do filme (por exemplo, faise referencia á licenza histórica na secuencia 34 e ao flashback na 2 e na 128).

d) A trama argumental xeral da película ten forma de retrospección ou analepse (*flashback*, en inglés). A que nos referimos con estas palabras? En que momentos da película se emprega esta técnica? Entre que datas se sitúa a trama do filme?

DESPEGÁNDONOS DA PANTALLA (D)

D1. “Recoñecemento na actualidade”.

Busca rúas co nome de Concepción Arenal, monumentos, outros tipos de institucións dedicadas a ela. Existen preto de onde ti vives? Xa as coñecías?



D2. “Pseudónimos de mulleres”.

a) A partir da observación de que Concepción Arenal se presentou a un concurso convocado pola Real Academia de Ciencias Morais e Políticas –que logo gañou- coa obra *La Beneficiencia, la Filantropía y la Caridad*–, asinada co nome do seu fillo maior, Fernando, reflexiona ti sobre que finalidades pode ter o uso dos pseudónimos. Indica as que se che ocorran.

b) Tendo á disposición a internet, relaciona os nomes da primeira columna cos da segunda. Logo segue pescudando sobre cada unha delas e sinala en que século viven, de que país son e o título dalgunha das súas obras.



PSEUDÓNIMO

NOME REAL



Fernán Caballero -	- Karen Blixen
Georges Sand -	- Cecilia Böhl de Fabre
Marqués du Chastellet -	- Anne Brontë
Currer Bell -	- Émilie du Châtelet
Isak Dinesen -	- Mary Ann Evans
Ellis Bell -	- Caterina Albert
Henry Gauthier-Villars, “Willy” -	- Amandine Aurore Lucile Dupin
Victor Catalá -	- Emily Brontë
Acton Bell -	- Colette
Georges Elliot -	- Charlotte Brontë
Sr. Leblanc -	- Sophie Germain



UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica



Bloque 2: POR UNHA SOCIEDADE SEN MALTRATO

ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABALLO
ACTIVIDADES



Bloque 2: POR UNHA SOCIEDADE SEN MALTRATO

NÚCLEO CONCEPTUAL

Problemática sobre a función das penas ou castigos.
Loita polos dereitos humanos dos sectores máis desfavorecidos da sociedade.

SECUENCIAS DE REFERENCIA

- Pena de morte: 6
- Dúas formas de castigo: 2, 3, 15, 104
- Maltrato: 9, 14, 19, 29, 31, 62
- Arenal como visitadora: 20, 23, 42, 74, 81, 82, 97, 115
- As Magdalenas: 16, 37
- Centro psiquiátrico: 60

ENCADRAMENTO

Concepción Arenal, máis alá do escarmento e a vinganza

A problemática central da película ten que ver co debate sobre cómo debería ser o funcionamento e obxectivos do cárcere. Atopámonos diante dun enfrontamento entre dúas formas contrapostas de entender a finalidade da punición: a) a antiga, ligada ao Antigo Réxime, que executa castigos físicos, corporais (o que se denomina tortura ou suplicio) e tende a exhibilos publicamente, en tanto que considera o castigo como vinganza ou escarmento; e b) a moderna, propugnada por penalistas europeos –con Cesare Beccaria á cabeza– que avogan, desde finais do século XVIII, por un castigo máis psicolóxico, sen publicidade (no interior dos cárceres) e procuran a corrección e rehabilitación das persoas encarceradas. Concepción Arenal será unha firme e orixinal defensora das modernas formas de punir.

O filme comeza abordando a forma máis extrema de castigo: **a pena de morte**. Amósanos como Arenal –e con ela Juana de Vega– loita contra a aplicación pública da pena capital. A este respecto, hai que aclarar que Concepción Arenal non chega a cuestionar a pena de morte nos seus escritos, senón só o feito de que a súa execución sexa pública e dolorosa. Ela avoga por unha execución menos cruel (fala, por exemplo, da posibilidade de uso da electricidade, que se estaba empezando a aplicar nos Estados Unidos) e na propia prisión (mesmo apuntando que o carácter exemplarizante se podería manter coa exposición pública do cadáver).

Contra toda forma de maltrato. En efecto, Arenal non só se preocupou pola aplicación da pena capital senón que loitará contra todo tipo de vexación ou tortura (*suplicio* na linguaxe do Antigo Réxime). Na película vemos impresionantes exemplos de maltratos tanto permitidos na súa época como ilegais: violencia sexual,



celas de illamento, duchas de auga fría, golpes, subornos.

Fronte a esta situación, Arenal ten claros certos principios e ponos en práctica de forma resolutive. Ela pretende eliminar a violencia de toda caste. E de xeito acorde coa súa personalidade, farao buscando e propondo solucións realistas e pragmáticas. Clara ilustración do dito é o traballo das Magdalenas, un grupo de donas que colabora no labor da pensadora ferrolá nas prisións.

Para Arenal, as persoas que delinquen non deben ser tratadas como cousas. É o que significa o seu difundido lema: *Odia o delito, compadece ao delincente* (que aparece no filme, e que estivo reproducido na maior parte dos centros penais españois durante moito tempo). Este afán por comprender a quen comete delitos vese reflectido na película, ao presentarnos individualizadas ás presas: hai algunha que se reinsire, outra que está desesperada, algunha reincidente, outra máis enferma mental... Non todas son iguais e, polo tanto, non todos os casos deben tratarse por igual. Precísase, pois, formación do persoal empregado nas prisións (como veremos no bloque 4) e crear establecementos separados para quen padece enfermidades mentais.

Como apuntabamos máis arriba, o proposto e teorizado por Concepción Arenal encaixa case perfectamente en todo o movemento de reforma do antigo dereito penal que se desenvolve entre finais do XVIII e XIX en Europa e que agudamente describirá o filósofo francés Michel Foucault (1926-1984) no nomeado libro *Vixiar e castigar*.

Aínda que a posición de Arenal non pode etiquetarse de revolucionaria, si que é reformista e, ao tempo, firme, seria e coherente, e, por conseguinte, rompedora cos moldes vixentes. Non frea ante as críticas do que considera inxusto, nin se dobrega ante o poder nin ante os prexuízos ou tradicións. Así, Concepción Arenal vai proporcionar as súas propias ideas e reflexións e contribuirá á instalación dun novo sistema penal, que en España, non obstante, tardará aínda tempo en facerse realidade.

Os estudos e o traballo da nosa autora sobre as prisións e as formas de castigo en xeral, están moi ligados –e ela era plenamente consciente– a toda a cuestión social, tratada por ela ao longo de toda a súa vida. O que di sobre as persoas que delinquen está en concordancia co que teoriza sobre as persoas pobres, da clase obreira, así como tamén no que atinxe ás mulleres. E non é por casualidade. Como sinala Foucault, o nacemento da prisión como case única forma de castigo está por completo imbricado co nacemento das ciencias humanas e sociais. O novo dereito forma parte dos saberes que están xermolando: psicoloxía, socioloxía, antropoloxía...

No ronsel de Arenal. Hoxe en día a problemática da pena de morte segue a estar de actualidade, posto que aínda que en España se eliminou da constitución, no mundo en que vivimos segue a aplicarse. Consideramos de interese neste sentido coñecer o labor de ONG como Amnistía Internacional e de persoas e agrupacións que foron tomando o relevo no tratamento de moitas das reivindicacións arenalianas, como as asociacións de voluntariado de prisións que veñen desenvolvendo o seu labor dende os anos 80 do século pasado: Arco Iris, Horizontes Abiertos, Acope, Apromer, Asociación Fraternal Cristiana de Ayuda al Preso, Marillac, Punto Omega...



SECUENCIAS



[A) PENA DE MORTE]

SEC. 6- EXT. CASTELO SAN FILIPE. PRAZA EXECUCIÓN.DÍA

Goyo e a reia desembocan na praza, onde a ela lle espera o garrote vil. Esta cae ao chan ao ver o que lle espera. Goyo tira da cadea fortemente para que se poña en pé. Sobre o cadafalso, está o VERDUGO. Ao carón deste atópanse O GOBERNADOR e outras autoridades. O espectáculo está servido. Nalgún lugar da praza, MARÍA, unha moza e farrapenta ladroa con ollos vivaces e astutos, aproveita o balbordo para roubar algo dunha vendedora que carga unha cesta con pezas de froita. Goyo sobe a reia á plataforma onde se encontra o garrote vil, o verdugo colócallo arredor do colo e pecha os grifóns. Entre o público, a NAI DE PETRA rompe de dor ao ver a súa filla nese calvario. Impotente, estira a man como tentando tocala na distancia? A xente apupa a reia. Concepción e Juana chegan á praza e tentan abrirse paso entre a xente para chegar xunto ao cadafalso, pero resúltalles difícil.

Concepción e Juana conseguen chegar até o cadafalso e diríxense a unha tribuna de autoridades adxacente, onde se atopan o GOBERNADOR, xunto a outras autoridades.

POBO

Covarde, bruxa, asasina ...

JUANA

Deixen pasar, por favor...

CONCEPCIÓN

Paso, paso!

JUANA

Afasten, deixen paso. Rápido, déixennos pasar. Déixennos pasar, por favor! Afaste a arma!

JUANA

Detaña a execución.

GOBERNADOR

Quen o ordena?

JUANA

A raíña manda adiala ata que non se resolva o caso no tribunal de apelación.

Juana dálle a carta ao gobernador.

Apupos da xente que está ávida de que continúe o espectáculo. O gobernador le a carta. Logo, levanta a vista cara a Juana e Concepción.

GOBERNADOR

Señoras, sorpréndenme. Tamén para semellante asasina pediron indulto á raíña?

CONCEPCIÓN

... Ninguén merece este espectáculo tan repugnante.

O seu pobo tampouco, señor Gobernador.

O gobernador mira a un oficial de cabalería e mándalle parar a execución. A nai de Petra fai un xesto de alivio. Párase a execución e o verdugo solta os grifóns para liberar a rea. Concepción vólvese cara a Goyo. As súas miradas crúzanse un instante.



[B) DÚAS FORMAS DE ENTENDER O FUNCIONAMENTO DO CASTIGO]

SEC. 15- INT. PRESIDIO. DESPACHO GARRIDO. DÍA

Chaman á porta do director do presidio, Garrido, (55 anos, porte militar).

GARRIDO

Adiante!

GOYO

A señora visitadora.

Garrido achégase a recibila con certa desgana, coma se estivese obrigado e a súa mente estivese noutras cousas. Téndelle a man. Goyo pecha a porta deixándoos sós.

GARRIDO

Señora Arenal... por favor...

CONCEPCIÓN

(Estreitándolle a man) Señor Garrido...

Garrido regresa á súa mesa e fai un xesto a Concepción para que tome asento.

GARRIDO



Xa viu vostede toda a prisión?

CONCEPCIÓN

Penso que si.

GARRIDO

E aínda lle quedan ganas de continuar co seu traballo de visitadora?

Concepción sorrí.

CONCEPCIÓN

Máis ca nunca. Nomeáronme visitadora para que coide das presas, non para que as abandone.

GARRIDO

Debía poñer o seu empeño en tarefas menos inútiles.

Na distancia soan os primeiros acordes dunha peza de música relixiosa ao órgano.

CONCEPCIÓN

E esa música, quen a toca?

GARRIDO

Sor Eloísa. Unha gran amante da música... aínda que moito temo que a música non a corresponde.

O órgano comeza a desafinar nos seguintes compases. Concepción parece cavilosa.

CONCEPCIÓN

Debo admitir que é admirable que cun número tan elevado de reclusas reine a orde e non o caos.

GARRIDO

(Compracido) Oración, traballo e disciplina, esa é a receita. Aínda que non necesariamente nesa orde.

CONCEPCIÓN

E é por disciplina ou por vontade propia que moitas reclusas van descalzas?(...)





[C) ARENAL COMO VISITADORA]

SEC. 23- INT. PRESIDIO. ESTANCIA COMÚN. DÍA.

Murmurios. As presas están sentadas en círculo sen saber que lles espera. Entran Concepción e Juana comentando. As presas están sentadas.

CONCEPCIÓN

Bos días.

As reclusas non fan nin caso, segue o barullo.

SOR ELOÍSA

Silencio ou hoxe non se come!!

As reclusas calan.

CONCEPCIÓN

Bos días, gustaríame presentarvos á miña boa amiga Juana de Vega, que me acompañará nestas visitas..

JUANA

Bos días.

CONCEPCIÓN

A asistencia é voluntaria... palabra que imaxino que xa esquecestes o que significa...



JACINTA

Que se queremos quedamos, e se non, marchamos.

As reclusas rin. Concepción asente. María fai xesto de levantarse para saír pero unha mirada de Sor Eloísa fréaa en seco.

CONCEPCIÓN

Totalmente... pero creo que poden ser interesante para vós. Escribinvos unhas cartas que leremos en voz alta... e tamén me gustaría manter entrevistas persoais con vós para ver de que xeito vos podo axudar a cada unha... Cando queiras, Juana.

Juana le en voz alta unha das cartas de Concepción. Concepción saca do seu bolso unhas agullas (ou labor de gancho) e ponse a facer calceta mentres as reclusas escoitan. A súa actitude descolócaas.

JUANA

A vosa pobre alma está feble; non se lle pode esixir que levante grandes pesos de arrepentimento e de virtude. Facédeos proporcionais ás súas forzas. Probade a facer unha cousa boa, aínda que sexa moi pequena; e probade sobre todo a deixar de facer unha cousa mala...

Concepción fíxase no rostro mazado de María...

JUANA

Se blasfemades, por exemplo, non vos digo que deixedes de blasfemar; pero se antes o faciades vinte veces, que agora sexan dezanove, e logo dezaioito, despois dezasete...



TEXTOS DE TRABALLO

T1. PENSANDO CON E A PARTIR DE CONCEPCIÓN ARENAL

[Pena de morte]

“*San Pedro de Nós, 11 de xuño de 1866*

...Tivemos algúns días fermosos, mais hoxe volve chover. Mañá imos á Coruña cun motivo ben triste. Hai un reo condenado a morte en primeira instancia e que o será probablemente no tribunal superior. Neste pobo, de costumes suaves (o matador non é galego), o patíbulo é dobremente horrible; desde principios de século non se ergueu por delitos comúns na Coruña, cuxos habitantes lle piden á raíña indulto.

Eu fixen a representación e iremos recoller o maior número posible de sinaturas. Non faltaría a túa se estiveses por acá.

Memorias da nosa amiga e de Fernando, que non está aquí, mais lembrouse moito de ti onte que veu.

Meus a Tornos e aos teus fillos e para ti o cariño da túa cordial amiga.

Concha.”

CONCEPCIÓN ARENAL, *Cartas inéditas de Concepción Arenal*, p. 83 [trad. propia]



- Busca o significado do vocabulario do texto de carácter xurídico que non entendas (patíbulo, reo, tribunal superior, indulto...).



- No texto mestúranse elementos afectivos con posturas serias sobre a pena de morte. Pon algún exemplo .



- Relaciona este texto coas escenas do comezo da película.

T2. [Amnistía Internacional e a pena de morte]

Pouco despois da súa creación, en 1961, Amnistía Internacional comezou a enviar chamamentos para impedir a execución de presos de conciencia. O avogado británico **Peter Benenson** publicou un chamamento no diario londiniense *The Observer* no que facía referencia ao uso da **pena de morte** contra presos de conciencia: “Abran o periódico calquera día da semana e descubrirán que alguén, nalgunha parte do mundo, foi encarcerado, torturado ou executado porque as súas opinións ou a súa relixión resultan inaceptables para o goberno do seu país”.

Co tempo, o noso traballo sobre a pena de morte foise ampliando. A organización comezou a súa campaña global contra a pena de morte en 1977. Naquel momento, a pena capital estaba abolida só en 16 países. Máis de 30 anos despois, **140 países aboliron a pena de morte na lei ou na práctica**; 58 países considéranse agora retencionistas, e o número dos que a seguen utilizando é moito menor. De feito, só durante os últimos 10 anos rexistráronse enormes avances de cara á abolición da pena de morte, posto que máis de 30 países se converteron en abolicionistas na lei ou na práctica. Na actualidade Amnistía Internacional segue traballando para poñer fin ás execucións e en favor da abolición da pena de morte en todo o mundo e en toda circunstancia.

www.es.amnesty.org [trad. propia]

(T2) Véxase Actividade P1

T3. [Michel Foucault teoriza sobre o marco do moderno sistema penal europeo]

A fins do século XVIII, e nos comezos do XIX, malia algúns grandes resplandores, a sombría festa punitiva está extinguíndose. Nesta transformación, interviñeron dous procesos. Non tiveron por completo nin a mesma cronoloxía nin as mesmas razóns de ser. Dun lado, a desaparición do espectáculo punitivo. O cerimonial da pena tende a entrar na sombra, para non ser xa máis que un novo acto de procedemento ou de administración. (...). O castigo cesou pouco a pouco de ser teatro. (p.16)

(...). A desaparición dos suplicios é, pois, o espectáculo que se borra; e é tamén o relaxamento da acción sobre o corpo do delincuente. (...) O sufrimento físico, a dor do corpo mesmo, non son xa os elementos constitutivos da pena. O castigo pasou dunha arte das sensacións insoportables a unha economía dos dereitos suspendidos. (...) Como efecto desta nova circunspección, un exército enteiro de persoal técnico veu relevar o verdugo, anatomista inmediato do sufrimento: os vixilantes, os médicos, os capeláns, os psiquiatras, os psicólogos, os educadores.

Deste dobre proceso –desaparición do espectáculo, anulación da dor– son testemuñas os rituais modernos da execución capital [pena de morte].

FOUCAULT, M. *Vigilar y castigar*, pp. 18-19 [trad. propia]

(T3) Véxase Actividade P2

T4. [Victoria Kent , continuadora de Concepción Arenal]

No mes de maio de 1931 fun requirida polo primeiro goberno republicano para ocupar o cargo de Directora Xeral de Prisións. O meu coñecido labor social, os meus estudos e experiencias en cuestións penais pola miña profesión de avogada, moveron sen dúbida o Goberno a ofrecerme o cargo. Acepteino co pleno convencemento das dificultades que levaba aparellado semellante cargo, e principalmente por estimar que a reforma do réxime penal en España era un dos grandes problemas que se debían acometer.

(...) Estas elementais medidas foron as primeiras que tomei.(...) Aténdome aos principios básicos do noso réxime republicano, establecín a liberdade de cultos nas prisións, facendo voluntaria a asistencia da poboación reclusa á misa, que se seguía celebrando como sempre. (...)

Tres reformas causaron sensación na opinión pública: a recollida de cadeas e grillóns que existían nas celas de castigo (deste asunto volverei falar máis adiante); a supresión de 115 cárceres de partido, de pequenas vilas cuxos locais eran inmundos, compartidos en moitos lugares con escolas, con casas particulares e con albergues de cabalerías, e pechei tamén aquelas outras prisións que daban unha media menor a seis detidos mensuais.

(...) Prometín máis arriba volver sobre a recollida de cadeas e grillóns instalados nas prisións de homes. Pois ben, eses ferros mandeinos levar a Madrid e foron fundidos con outros metais nun busto de Concepción Arenal, insigne muller española, de profundos estudos penais, nomeada oficialmente, a mediados do século XIX, visitadora de cárceres. O novo e entusiasta escultor Alfonso Palma realizou a obra, e alí, no Paseo de Rosales, en Madrid, está o busto da insigne galega e a miña homenaxe fervorosa.

KENT, V., *Una experiencia penitenciaria* [trad. propia]

T5. [Mulleres nos cárceres na actualidade]

A delincuencia feminina ao longo da historia foi sempre moito menor que a masculina. Se analizamos esta realidade no tempo pódese observar que o número de delitos cometidos por mulleres é moito menor que o dos cometidos por homes.(...). O 8% da poboación penal española é muller.

(...) Unha das razóns que se dan para explicar que exista menos delincuencia feminina que masculina é que a muller está sometida a un maior control social informal que o home e este control reprime, impide e exclúe e limita as mulleres. É dicir, ao longo da historia, controlouse moito máis as mulleres tanto no ámbito privado como público e social. De tal maneira que era moi raro que unha muller saíse da norma, xa que sería máis castigada socialmente que o home.

A boa muller era unha muller da súa casa que non se metese en problema ningún e que apenas tivese vida pública, que se dedicase ao coidado e á reprodución, pero tamén á educación.

(...) Todo isto leva tamén a que estea máis penado ou peor visto socialmente que unha muller delinca a que o faga un varón. O delito por parte dunha muller vai moito máis en contra do “esperado” segundo a sociedade. Un caso claro son os casos de asasinato dunha nai ao seu fillo, que supón unha percepción das máis negativas sobre a persoa que comete o delito porque ademais da súa enorme gravidade, contradí totalmente o “ideal social esperado” de muller coidadora.

SÁNCHEZ MARTÍN, B., Delincuencia feminina: análisis de la situación de la mujer en el centro penitenciario de Topa desde la perspectiva de género [trad. propia]

- *Podes explicar coas túas palabras, sen utilizar ningún fragmento literal do texto, a razón que se dá para explicar que as mulleres cometan menos delitos que os homes? Estás de acordo? Imaxina algún exemplo concreto no que se amose que socialmente se castiga máis a muller se sae da norma (podes, por exemplo, pensar na utilización de insultos como zorra, sen equivalente masculino, ou en como se penaliza a mulleres/homes cando abandonan os fillos/as).*
- *Na secuencia 104 Garrido, o director da prisión, di que as mulleres presas son peores que os homes. Por que o di? Estás de acordo? Por que se ten esa percepción? (O texto pode ofrecerche argumentos para axudarte a responder).*



ACTIVIDADES



PEGÁNDONOS Á PANTALLA (P)

P1. “Pena de morte” . Na secuencia 6 preséntasenos unha execución pública e por garrote vil.

- Que outras formas de executar a pena de morte coñeces?
- Busca información sobre o garrote vil e explica por que recibe ese nome.
- Existe en España a condena a pena de morte na actualidade? Desde cando se dá esta situación?
- Hai un día mundial contra a pena de morte. Investiga cal é.

(P1) Véxase T2

(P1) Pode resultar de interese navegar pola sección dedicada á pena de morte na web da ONG Amnistía Internacional (<http://www.es.amnesty.org/temas/pena-de-muerte/>)

P2. “Dúas formas de entender o castigo” . Tendo en conta a problemática fundamental da película, o debate entre dúas formas antagónicas de castigar, cuxas características recollemos esquematicamente e seguindo ao filósofo Michel Foucault:

(P2) Véxase T3

- Indica escenas da película que poidan exemplarizar todos ou algúns dos trazos indicados.

ANTIGA FORMA DE CASTIGO

Ata finais do XVIII e parte do XIX
Ligada ao Antigo Réxime

Castigo corporal, físico

Castigo como exhibición pública, visible
(= castigo-espectáculo)

Moi variadas formas de castigo, diversidade de torturas e penas en xeral

Castigo como vinganza

Executor do castigo máximo: o verdugo

MODERNA FORMA DE CASTIGO

A partir de finais do XVIII (en España, a partir de finais do XIX)
Ligada a réximes máis liberais e democráticos.

Castigo sen tocar o corpo, máis psicolóxico.

A execución da pena tende a facerse sen publicidade. A publicidade dáse durante o proceso xudicial e tamén na sentenza, pero logo se invisibiliza o que ocorre dentro dos cárceres.

Case unha única forma de castigo: o cárcere, con maior ou menor duración da condena en función do delito.

Castigo como corrección, reforma ou cura, co obxectivo de rehabilitar ou reinserir socialmente.

Existencia de persoal especializado no tratamento de quen delinquen: na psiquiatría, psicoloxía, medicina, socioloxía...
(Nacemento das ciencias humanas e sociais)

- b) Se atopas, indica contradicións ou contraexemplos da esquematización proposta por Foucault.
- c) No *Manual del visitador de prisiones* Concepción Arenal di: “O peor que pode suceder é que nas prisións non entre ningún”. Por que cres que pensa así? Vale tamén para a actualidade esta frase? Consideras que é acorde coa teorización de Foucault recollida na terceira fila do cadro?

Véxase a segunda viñeta da actividade D2

P3. “Oración, traballo, disciplina”. Na secuencia 15 vemos como Garrido, o director da prisión, propón que a forma de manter as presas en orde é “oración, traballo, disciplina”.

Imos analizar:

- a) Pon exemplos -sacados da película- dos tres principios cos que resume Garrido a clave da orde dentro da prisión.
- b) A esta proposta de Garrido, Arenal responde máis adiante (na secuencia 25): “Unha cousa é a disciplina e outra a violencia”, e algo despois (na secuencia 42), dirixíndose ao persoal que traballa na prisión, Arenal di: “O respecto fainos máis obedientes que o medo”. Explica como se contraponen estes dous enfoques –o de Garrido e o de Arenal– e logo indica con cal estás máis de acordo e por que.
- c) A relixiosidade á que están sometidas as presas, é auténtica? Cal é a posición de Arenal ao respecto?

P4. “O traballo de visitadora”. Na secuencia 23 Concepción Arenal pretende achegarse e lograr empatía coas presas mediante a lectura de cartas, a realización de entrevistas, a proposta de novos traballos que lles permitan ter ingresos cando saian do cárcere, e a loita por unha remuneración a cambio do traballo, o concerto...

- a) Das formas en que Concepción Arenal se aproxima ás reclusas, cal/cales che parece que poden ser máis efectivas? Por que? Ocorrénseche a ti outras?
- b) Como se ve na película, Arenal busca apoios para o seu labor: coa súa amiga Juana de Vega, e tamén co grupo das Magdalenas. Sobre a primeira volveremos no bloque 4; en canto ás segundas, o seu nome fai alusión á figura da arrependida Magdalena da que se fala no novo testamento da Biblia, e tamén á Magdalena de San Xerónimo, unha monxa valisoletana do século XVII que propón

a creación das casas-galeras. Busca información sobre ambas “magdalenas” e trata de explicar a relación que hai entre elas, e tamén se existe algunha outra asociación ou institución que contiña a empregar ese nome con relación ás presas.

DESPEGÁNDONOS DA PANTALLA (D)



D1. “Curiosidades da película...”

a) En diferentes momentos da película empréganse termos como “tercia” “prima”, “sexta” e “vésperas”... Se investigas un pouco verás que ten relación co horario romano, logo adoptado pola igrexa católica (os pais da Igrexa traspasáronas a “horas canónicas”)... Despois responde a que hora corresponde a “tercia”, a “prima”, a “sexta”, as “vésperas”.

b) Busca información sobre “cabo de vara”. A partir da propia película podes deducir o significado, e logo podes completar mirando en internet onde mesmo atoparás unha película co mesmo título. Constrúe unha definición e compáraa coa dos teus compañeiros e compañeiras.

(D1 b) Véxanse as secuencias 81-82



UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica



Bloque 3: POR UN TRABAJO SEN EXPLOTACIÓN

ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES



Bloque 3: POR UN TRABAJO SEN EXPLOTACIÓN

NÚCLEO CONCEPTUAL

A desigualdade ante o traballo de mulleres e homes.
Función e utilidade do traballo nos cárceres

SECUENCIAS DE REFERENCIA

- Traballos de mulleres: 11, 12, 75, 121
- Traballo no cárcere e remuneración: 43, 64, 72
- Discriminación laboral/cese e logros de Arenal: 12, 28 / 115, 120, 121, 123, 124, 128

ENCADRAMENTO

O traballo feminino (e o masculino). A historia da división sexual do traballo é moi longa e complexa, posto que aínda que aparece tradicionalmente en todas as culturas, as formas que esta adopta foron variando enormemente dun lugar e tempo a outros, así como tamén o fixeron os correlativos modos de discriminación laboral. Aquí só daremos unhas pinceladas sobre o que nos atinxe.

Para comezar, é preciso desmentir –contra a historia tradicional– que as mulleres estivesen sempre recluídas no ámbito do fogar. Tanto na antigüidade como na idade media e moderna as mulleres de clase media e baixa en Europa campaban en certas zonas das cidades por motivos laborais (as fontes, lavadoiros, mercados, talleres de fiado e tecido son os lugares máis habituais de traballo e de sociabilidade feminina ata o mesmo século XX). Algo que tamén constata Concepción Arenal: “*E a esta realidade, a esta prosa, non se opoñan soños vans, o idilio económico-social da muller ocupada tan só nos quefaceres do fogar, provisto polo home de todo o necesario: o cal, como feito, é falso; como discurso, erróneo; como esperanza, va. A muller sempre traballou fóra do fogar; traballará, é preciso que traballe, para que estea o menor tempo posible fóra del, non hai máis medio que mellorar a súa educación e as condicións dese traballo*” (*El trabajo de las mujeres*, ed. citada, p. 311 [trad. propia]).

Co proceso de industrialización que ten lugar entre os séculos XVIII e XX, a época na que nos centramos, desprázase o lugar do traballo produtivo ao taller e á fábrica. No novo sistema económico que está a emerxer, o traballo vai realizarse a cambio dun salario e, a cotío, en condicións de explotación. Tamén nesta nova orde económica xéranse novas formas de segregación sexual na actividade laboral: as mulleres adscribíense ás tarefas reprodutivas –sen remuneración– mentres que as actividades produtivas –pagadas cun salario– son asignadas aos varóns. En xeral, ao longo do século XIX identifícase o traballo feminino con certos empregos (poucos) e coa man de obra barata. Este proceso é apuntalado polos discursos de numero-

sos reformadores sociais, médicos e lexisladores que se dedican a naturalizar as relacións entre os sexos e a reforzar a orde social vixente.

Concepción Arenal reflexiona amplamente sobre a situación laboral das mulleres do seu tempo para criticar o que está a acontecer. Denuncia con insistencia a inxustiza debida á incoherencia social que se produce ao esixirlles ás mulleres todo tipo de deberes (económicos, penais etc.) sen outorgarlles apenas dereitos (civís, educativos, laborais...). Demanda que se permita traballar ás mulleres nun espectro moito maior de tipos de tarefas e, sobre todo, que reciban un salario equiparable ao dos homes (polo mesmo traballo) e digno. En *La mujer de su casa*, libro trece anos posterior a *La mujer del porvenir* e onde profunda e radicaliza as súas posturas e análises sobre as mulleres, nomea como traballos posibles para as mulleres a avogacía, a medicina, a farmacia, o comercio, a industria, a escribanía, o sacerdocio, a notaría, o ensino, o acompañamento de persoas enfermas, moribundas etc. Nel, segue a negar, como en *La mujer del porvenir*, que as mulleres se poidan dedicar ás armas (oficio que tampouco lle agrada para os homes, por certo).

Discriminación laboral contra as mulleres. As demandas respecto a un salario igual entre mulleres e homes que formulaba a nosa autora, continúan na actualidade na sociedade occidental, posto que seguimos co lastre da desigualdade de salario masculino e feminino polo mesmo traballo realizado, malia os progresos sociais e lexislativos habidos. Outrosí, o acceso das mulleres a toda clase de estudos, oficios e profesións aínda é un problema pendente, por máis que se teñan dado pasos de xigante en comparación co que acontecía no século XIX.

Traballo nos cárceres. Noutra orde de cousas, os debates sobre se debe haber traballo nos cárceres e que utilidade ten, veñen de bastante atrás e en realidade están conectados coas orixes do internamento (cárcere) como forma de castigo masiva e case exclusiva. Son bastantes os autores e autoras que relacionan a aparición da prisión como modo principal de castigo, primeiramente coas *workhouses* en Inglaterra (*rasphuis* nos Países Baixos), que no século XVII tiñan a función de recoller as persoas ociosas, vagas, ladroas e delincuentes, obrigándoas a facer traballos forzados baixo unha rixida disciplina. Isto ocorreu nun momento no que se trataba de absorber as grandes masas de ex-traballadores agrícolas (froito da crise do sistema feudal) que se desprazaban ás cidades, co propósito non explícito de forzar unha aprendizaxe da disciplina da fábrica, precisa para o desenvolvemento masivo do capitalismo. E tamén nunha época –o XVII– de baixo crecemento demográfico. Nun segundo momento, cando a partir dos séculos XVIII e XIX se recupera o crecemento da poboación, o traballo dos centros de internamento resulta unha competencia excesiva para as emerxentes fábricas. De aí que das *workhouses* e similares se pase ás prisións como lugares de aprendizaxe de disciplinas, e non tanto xa como ámbitos de produción: o traballo no seu interior devén, pois, máis problemático e debatible.

Na película transparéntase parte desta problemática, en tanto que se amosan diferentes e contrapostas posturas sobre a función que debe cumprir o traballo no cárcere: por unha parte, búscase disciplina a través del, pero tamén rendementos (os curtidos eran negocio lucrativo); por outra, a reformadora social Arenal, cunha óptica máis moderna e acorde co novo penalismo europeo e norteamericano, pretende que a súa función sexa, ademais de disciplinaria –sen o autoritarismo do director do penal–, rehabilitadora, apuntando cara a unha reinserción social das reclusas (ou reclusos, se é o caso).

SECUENCIAS



[A] TIPOS DE TRABALLOS FEMININOS]

SEC. 11- INT. PRESIDIO. TALLER CURTIDOS. DÍA.

Sor Eloísa e Concepción contemplan un taller de traballo: algunhas reclusas traballando curtidos (JACINTA entre elas). A habitación está chea de peles de animais colgadas secándose. Algunhas limpan as peles extraendo a graxa que van colocando nun recipiente. Outras van trasladando cestos con pelo. O cheiro é desagradable. As reclusas, descalzas, camiñan sobre sangue, pelo e restos de carne que hai espaxadas polo chan. Concepción observa as mulleres, farrapentas, cansas e desnutridas. Unha CELADORA 1 (unha muller maior e antiga presa), supervisa o traballo.

CONCEPCIÓN

Supoño que a prisión obtén bos beneficios deste traballo.

SOR ELOÍSA

Esas contas lévaas o comandante. O meu labor aquí é outro.

CELADORA 1

(Mentres lle dá golpes cunha vara a unha reclusa). Ti, nugalleira, non te durmas!

Concepción dáse a volta e ve como unha presa cae rendida polo esgotamento e a causa diso losquéana. Ela segue a Sor Eloísa cara á porta.



[B) TRABALLO NOS CÁRCERES E REMUNERACIÓN]

SEC. 43- INT. PRESIDIO. DESPACHO GARRIDO. DÍA.

Garrido e Concepción, fronte a fronte. Sor Eloísa en segundo termo.

GARRIDO

Xa ten a instrución das súas reclusas e melloramos a comida, que máis quere?

CONCEPCIÓN

Esas mulleres traballan moitas horas sen salario ningún.

GARRIDO

Señora, se lles pagamos ás presas, todos os pobres deste reino han querer estar en prisión.

CONCEPCIÓN

Xa, pero cunha pequena cantidade...

GARRIDO

Quere vostede afundirme o barco? O traballo desas mulleres non dá moito beneficio.

Concepción asente con escepticismo...

CONCEPCIÓN

E non pensou vostede noutras fontes de ingresos?

GARRIDO

Eu non, pero xa vexo que vostede si.

Concepción aproveita o interese de Garrido para sentarse diante del.


CONCEPCIÓN

A metade da xornada laboral poderían dedicala a aprender a bordar. Eu aportaría as mestras. A metade dos beneficios que saquen cos bordados serán para a prisión e a outra metade para elas.

Garrido e Sor Eloísa cruzan unha mirada. (...)

**[C) MALTRATO E LOGROS DE ARENAL NO SEU TRABALLO]****SEC. 114- EXT. PRESIDIO. ENTRADA PRINCIPAL. DÍA.**

Petra sae libre pola porta do presidio xunto a Concepción. A súa nai está a esperala. A nai de Petra abrázaa. Petra non reacciona, parece ausente. Recobra a actitude que tiña ao principio. Parece autista. Concepción despídese delas. Afástanse. Un cabo de garda achégase a ela e dálle unha carta. Vemos que é unha carta oficial do ministerio dirixida a dona Concepción Arenal.



SEC. 115- I/E. PRESIDIO. VENTÁ CONCEPCIÓN. DÍA.

No chan está a carta engurrada. Concepción, de costas, mira pola xanela que dá ao mar. Ouvimos o Off da carta:

OFF GOBERNADOR

Moi señora miña. Comunícolle pola presente que queda cesante do seu cargo de Visitadora de Galicia...



SEC. 128- I/E. CONVENTO. CLAUSTRO. (1932). DÍA.

O narrador volve en si e vólvese cara ao xornalista que tan sequera toma notas. O narrador inicia o seu paso polo corredor do Claustro.

NARRADOR

Pouco despois Concepción fundou o xornal *La Voz de la Caridad*, onde non deixaba de denunciar a situación das prisións, e publicou o seu famoso libro de *Cartas aos delincuentes* e moitos outros máis que a levarían a converterse nun referente moral e intelectual en toda Europa. Un tempo máis tarde, Goyo marchou a traballar con ela á imprenta do xornal...

XORNALISTA

E vostede?

NARRADOR

Eu?

O narrador detense.

NARRADOR

(Emocionado)Eu... eu puiden ter acabado nun hospicio, como Garrido quería. Ou ser criado aquí polas reclusas... Pero non. Non, o meu pai levoume con el... Logo souben que el sabotara todas as visitas de matrimonios que viñan adoptarme...

XORNALISTA

Ai, si?

NARRADOR

Crecín entre o troupeleo da imprenta e o olor a tinta dos libros...

XORNALISTA

E vostede converteuse nun dos penalistas españois máis reputados. A súa nai sentiríase moi orgullosa de vostede...



SEC. 128- EXT. CONVENTO. ENTRADA. (1932) - DÍA.

O xornalista e o narrador pechan a porta do convento e afástanse. Os dous homes marchan camiñando de costas.

NARRADOR

Todas as cousas son imposibles mentres o parecen...



TEXTOS DE TRABAJO

T1. PENSANDO CON E A PARTIR DE CONCEPCIÓN ARENAL [Os traballos que a sociedade lles asigna ás mulleres]

Unha muller pode chegar á máis alta dignidade que se concibe, pode ser nai de Deus: descendendo moito, pero aínda moi alta, pode ser mártir e santa, e o home que a venera sobre o altar e lle implora, crea indigna de encher as funcións do sacerdocio. Que dicimos do sacerdocio? Atravementa impío sería que no templo ousase aspirar á categoría do último sancristán. A lóxica aquí sería escándalo, impiedade.

Se da orde relixiosa pasamos á civil, as contradicións non son de menor vulto. Como unha muller ha de ser empregada en Aduanas ou na Débeda, desempeñar un destino en Fomento ou en Gobernación? Só pensalo dá risa. Pero unha muller pode ser xefe do Estado. No mundo oficial recoñéceselle aptitude para raíña e para estanqueira; que se pretendese ocupar os postos intermedios, sería absurdo.”

CONCEPCIÓN ARENAL, *A muller do porvir*, pp. 6-7



- Rastrea a historia para atopar mulleres que foron raíñas en España (un mínimo de dúas) e logo en Europa ou noutras partes do mundo (un mínimo de 5).



- A maior parte das e dos fieis da igrexa –aquí falamos da católica, obviamente– eran mulleres no XIX (e tamén agora), polo que Arenal reitera o seu desexo de que as mulleres poidan ocupar cargos dentro dela. Cal é a túa opinión respecto a que poida haber mulleres sacerdote como suxería Concepción Arenal? Houbo moitos cambios na Igrexa católica neste aspecto desde o XIX ata a actualidade?

(T1) Pode resultar de interese investigar sobre a figura da papisa Xoana.

T2. [Discriminación salarial entre homes e mulleres]

A diferenza salarial entre homes e mulleres é unha realidade do mercado de traballo español que ninguén pon en dúbida. Numerosos estudos confirmaron que o salario medio dos varóns é superior, en media, ao que perciben as mulleres, e se ocuparon de medir o alcance da diferenza entre ambos. (...)

De forma estrita, a discriminación salarial dáse no posto de traballo, é dicir, dentro do mercado laboral (discriminación salarial a posteriori), porque alude ás diferenzas de salario percibido por traballadores e traballadoras que ocupan un posto de traballo. Agora ben, pode existir:

- Non só cando mulleres e homes reciben salarios diferentes por ocupar o mesmo emprego, senón tamén cando se observan discrepancias na remuneración de homes e mulleres por realizar un traballo que lles esixe ter a mesma dotación de características: capacidades, esforzo, responsabilidades e condicións laborais.

- Cando unha persoa recibe un salario inferior unicamente por razón do seu sexo, en cuxo caso se denomina discriminación salarial directa, pero tamén cando se consideran certos factores na valoración dun posto de traballo que poden supoñer unha vantaxe para un ou outro sexo, en cuxo caso pasa a chamarse discriminación salarial indirecta.

- Por motivos asociados simplemente á condición biolóxica do individuo, sexo feminino ou masculino, denominándose discriminación salarial por razón de sexo, e/ou polo feito de ser home ou muller, coa asociación de roles/comportamentos atribuíbles a cada un, pasando a coñecerse como discriminación por razón de xénero.

Ampliando o concepto de discriminación salarial das mulleres, tamén se recoñece a discriminación no acceso ao emprego (discriminación salarial a priori).

INSTITUTO NACIONAL DE LA MUJER, *Diferencia y discriminación salarial por sexo*, pp.10-11 [trad. propia]

• Intenta explicar coas túas palabras o significado de “discriminación salarial a priori” e a “discriminación salarial a posteriori”. Inventa algún exemplo para cada tipo.

• Le esta curiosa noticia sobre discriminación laboral por razón de sexo: <http://es.finance.yahoo.com/blogs/fineconomiaparatodoses/c-mo-hombre-descubri-simples-letras-provo-can-discriminaci-151438694.html> e logo indica se é a priori ou a posteriori.

• Indica se os seguintes casos son de discriminación salarial a priori ou a posteriori: unha pediatra que –no mesmo centro de traballo– cobra menos que un neurólogo; unha presentadora de noticias que cobra menos –na mesma canle– que un presentador; un executivo que é ascendido a directivo –frente a unha muller de igual capacidade– porque no seu ramo –a construción, por exemplo– non é habitual ver a mulleres; unha licenciada en náutica que non é aceptada como tripulación dun barco porque non é habitual que as mulleres manexen os barcos e mesmo hai quen pensa que dá mala sorte...

ACTIVIDADES



PEGÁNDONOS Á PANTALLA (P)

P1. “Traballos femininos”. Tendo en conta as secuencias 11 e 28, responde as seguintes cuestións:

- a) Os traballos que se lles ve facer ás mulleres na prisión son o do curtidoiro, de lavandería, e, finalmente, de bordado. Cal/cales deles che parece(n) un oficio máis acorde co rol feminino tradicional? Por que? Como cres que eran valorados socialmente tales traballos?
- b) Investiga que oficios industriais eran os máis habituais entre as mulleres galegas –e españolas– do século XIX.
- c) Jesús de Monasterio di nun momento da película: “Non lle parece, don Álvaro, que o mundo sería un lugar moito máis agradable con mulleres en todos os oficios? Desde logo a min pareceríame se houberse mulleres tamén nas orquestras”. Pensas que o desexo de Jesús de Monasterio está plenamente conseguido? En todos os postos das orquestras?
- d) Que che parece que as reclusas laven a roupa dos reclusos? Desenvolve a túa posición.

P2. “Discriminación salarial feminina”.

Con relación ás secuencias 13 e 43, pareceche excepcional que se lles pague menos ás mulleres que aos homes? Segue a acontecer na actualidade? Ocorrrenseche exemplos?

P3. “Debate sobre a función do traballo nos cárceres”. A partir das secuencias 43 e 64, responde:

- a) No XIX e tamén agora se discute sobre o traballo nos cárceres: É competencia co traballo fóra do cárcere, sobre todo en tempos de crise? Cal é a postura de Concepción Arenal? E a do director do cárcere, Garrido?
- b) Que opinas ti sobre o traballo no cárcere? Pensas que reclusos e reclusas non deben ter ningún tipo de beneficio e sobre todo non vivir mellor que fóra do cárcere? Pensas que o traballo é fundamental para lograr a rehabilitación da poboación reclusa e así posibilitar a súa reinserción

na sociedade cando saian de prisión?

c) Comenta a frase de Garrido, o director de prisións: “Señora, se lles pagamos ás presas, todos os pobres deste reino han querer estar en prisión”. Procura relacionala coa resposta que presentaches na cuestión anterior.

DESPEGÁNDONOS DA PANTALLA (D)



D1. “Oficios de homes, oficios de mulleres”.

a) Realiza ti un cadro proponendo oficios ou profesións que continúan a ser maioritariamente ou ben de mulleres ou ben de homes (ou de ambos).


b) Deles, cales pensas que resulta anacrónico (desfasado) que sigan a ser maioritariamente dun ou outro signo? (Suxerímosche algúns: taxista, condutor/a de bus, policía, bombeiro/a, pintor/a, albanel/a, tenista, futbolista, xuíz/a, profesor/a, coidador/a de nenos ou maiores, enfermeiro/a, peiteador/a, locutor/a de deportes, director/a de orquestra, violinista etc.).

c) Logo podes facer o mesmo que nos exercicios anteriores (a e b), pero con tipos de estudos.

D2. “Humor gráfico”.

a) Trata de explicar a seguinte viñeta de El Roto “traducindo” o que agocha a ironía de ambos.

b) Elabora a túa opinión en relación ao tratado na imaxe. Constrúe un texto de varias liñas reflexionando, por unha banda, sobre a galantería, os costumes de deixar paso primeiro ás mulleres, sobre agasallar con flores ás mulleres ou mesmo regalar a entrada nunha discoteca ás mulleres..., e por outra, as “excusas” para que os homes teñan unha remuneración máis alta: o seu soldo é para toda a familia, teñen máis autoridade...




Artista: **El Roto** Fonte: **El País**



UNHA VOZ ROMPEDORA

Unidade didáctica



Bloque 4: POR UN TRABAJO SEN EXPLOTACIÓN

ENCADRAMENTO
SECUENCIAS
TEXTOS DE TRABAJO
ACTIVIDADES



Bloque 4: POR UNHA EDUCACIÓN IGUALITARIA

NÚCLEO CONCEPTUAL

Importancia da educación para todo o xénero humano.
Difícil acceso das mulleres á educación.

SECUENCIAS DE REFERENCIA

- Educación en xeral: 20, 57
- Educación das mulleres: 28
- Educación de persoas adultas: 16, 42, 82, 83

ENCADRAMENTO

Importancia fundamental da educación. Ao longo de toda a obra de Concepción Arenal esta insiste no valor básico da educación. Na súa mira estará sempre educar as persoas presas, obreiras, ricas, pobres, na infancia, na adultez, na súa profesión...

Nestas aspiracións, Arenal está moi ligada ás vindicacións da ILE (Institución Libre de Enseñanza) e ao Krausismo, todos eles na mesma dirección. Como é sabido, esta institución fundouse en 1876 e mantívose ata finalizada a Guerra Civil española. Durante este segmento temporal tivo unha gran repercusión na vida intelectual do país, en tanto que serviu para a introdución en España das teorías pedagóxicas e científicas estranxeiras máis progresistas e avanzadas. Concepción Arenal formouse (na universidade, mentres colaboraba co seu home no xornal *La Iberia*, nas súas aprendizaxes posteriores) no krausismo, que estaba moi en boga naqueles momentos.

Máis adiante, colaborará coa ILE e escribirá ata 30 artigos no boletín publicado por esta institución, e foi considerada como unha sobranceira pensadora polos seus membros. Entre as propostas da ILE estaba a duha educación que motivase, estimulase o alumnado (nenos e nenas conxuntamente) no estudo, rexeitando a aprendizaxe memorística que se levaba a cabo tradicionalmente. Tanto na ILE como en Concepción Arenal avógase por unha educación para a paz e sen violencia. Como vemos en diferentes momentos do filme, para Arenal a disciplina é diferente da violencia. Non se precisa de violencia para aprender (“o respecto fainos máis obedientes que o medo”).

Por conseguinte, a súa orientación pedagóxica cadra perfectamente coa liña do recoñecemento do dereito á educación na Declaración dos Dereitos Humanos e declaracións derivadas (como a Declaración dos Dereitos da Infancia, ou os Obxectivos do Milenio).

Educación das mulleres. A educación recibida polas mulleres –e polos homes– evoluciona correlativamente á situación e concepción destas(es) en cada época e lugar. Cinxíndonos ao desenvolvemento da educación feminina en España, podemos sinalar que desde mediados do XIX a lexislación (primordialmente a lei Moyano, de 1857) establece que todas as nenas deben acudir á escola primaria desde os 6 ata os 9 anos, nuns tempos en que o absentismo era enorme e as escolas moi escasas. Ao tempo, máis ou menos a partir desas datas, unhas cantas empezan a asistir ás aulas dos institutos, e a cursar estudos musicais, de maxisterio e de matronas. Iso si, a lei indicada (en continuidade co que se viña facendo desde o século XVIII) establece tamén que a educación das nenas ha de ser diferente da dos nenos. Elas haberán de aprender os “labores propios do seu sexo” (o que é útil para as tarefas domésticas e de atención á familia) en lugar da iniciación profesional que reciben os rapaces.

Ata 1910 non se lles permitirá oficialmente ás mulleres matricularse nas universidades. Aínda que é certo que unhas décadas antes unhas poucas mulleres lograron estudar na universidade (Concepción Arenal, dereito; M.^a Elena Masares, medicina...), ningunha delas puido obter o título correspondente debido a que non lles permitiron matricularse de forma legal. En numerosos escritos, Arenal denuncia a educación da súa época por deixar de lado a educación feminina e polos contidos que se facía aprender, sen apenas profundidade, ás mulleres.

Na actualidade a situación no mundo é moi desigual. Nos denominados países ricos ou do norte, a escolarización feminina está completamente estendida e non hai trabas legais para o acceso a todo tipo de estudos (aínda que se manteñen bastantes estereotipos e tradicións), mais nalgúns outros países (de ámbito musulmán, entre outros), perduran grandes dificultades para o acceso das mulleres.

Educación de persoas adultas e formación profesional. No século XIX en xeral hai unha gran preocupación por mellorar os altos índices de analfabetismo en España (a mediados de século era dun 81% da poboación, unha porcentaxe maior que nos países do contorno), e froito desa preocupación será a aprobación da lei Moyano (en 1857, manténdose vixente por máis de cen anos) e máis adiante, cunha preocupación pola educación máis ampla e progresista, a fundación da ILE, da que tratamos anteriormente. Na lei Moyano recóllese (no art. 106) a primeira referencia legal á educación de persoas adultas, tema que tamén aparece en bastantes artigos do boletín da ILE.

Neste contexto, Arenal vai propugnar apaixonadamente a educación en todos os ámbitos. Na película hai bastantes escenas nas que se ve a Arenal e a Juana de Vega ensinando ao persoal da prisión e así mesmo a esta última dando clase a persoas adultas na súa propia casa. No eido internacional a educación permanente e de persoas adultas fomentouse principalmente a partir da fin da Segunda Guerra Mundial e de 1970 en adiante foi considerada fundamental para o Estado de benestar.

SECUENCIAS



[A) EDUCACIÓN EN XERAL]

SEC. 20- INT. CASA CONCEPCIÓN. SALÓN. NOITE.

Concepción está cos seus fillos, FERNANDO (13) e RAMÓN (11) ceando.

CONCEPCIÓN

Aos carcereiros apréndenlles que as presas non son nada e que o único método posible é a violencia.

RAMÓN

Na escola tamén nos zoscamos para amañar as cousas.

Concepción vólvese cara a el, algo descolocada.

CONCEPCIÓN

Pero alguén haberá que vos diga que iso non se fai...

RAMÓN encóllese de ombreiros.


CONCEPCIÓN

Xa sei que estades fartos de que volo diga, pero se vos petan e vos insultan, non tedes

por que petar e insultar tamén. Para iso havos servir a educación.

RAMÓN

Ten razón: estamos fartos de que nolo diga.



[B) EDUCACIÓN DAS MULLERES]

SEC. 28- INT. CASA DE JUANA DE VEGA. COMEDOR. NOITE.

A servidume serve a cea a un grupo de notables reunidos ao redor dunha mesa de comedor: Juana, Concepción, Jesús, Esperanza e o seu marido, don Álvaro, un comerciante vestido de forma opulenta, duns cincuenta e tantos anos, e un Cura.

CONCEPCIÓN

O problema é que o ensino da muller vén sendo hoxe en día o ensino da "señorita", e eu creo que todas as clases sociais deberían poder gozar dos beneficios do saber.

DON ÁLVARO

Algo oín sobre as prácticas que está poñendo en marcha...

Concepción mira fixamente a don Álvaro e a Juana, que parece pedirlle prudencia. Resignada, diríxese a Jesús.

CONCEPCIÓN

Don Álvaro é o contratista da prisión.

DON ÁLVARO

Realmente cre que a muller non debe ser excluída de ningunha profesión?

CONCEPCIÓN

Ah, si. Das armas. Iso déixollo ao sexo masculino.

Concepción e JESÚS míranse confidentes.

JESÚS

Non lle parece, don Álvaro, que o mundo sería un lugar moito máis agradable con mulleres en todos os oficios? Desde logo, a min pareceríamo se houberse tamén mulleres nas orquestras...

ESPERANZA

Vaites, don Jesús, tiña entendido que as mulleres nunca faltan no seu arredor.

JESÚS

Certo. O que proba que as mulleres teñen unha sensibilidade especial para apreciar a música... e para interpretala...

DON ÁLVARO


Mulleres nas orquestras... E por que non na universidade ou nos seminarios?

Don Álvaro busca a mirada cómplice de Esperanza e de Jesús. Ri.

CONCEPCIÓN

A muller pode ser santa e mártir pero considérase indigna para o sacerdocio? Non ten ningunha lóxica.

Don Álvaro queda abraiado, escandalizado. Jesús e Concepción intercambian unha mirada cómplice e de cariño. (...)



[c] EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS E FORMACIÓN PROFESIONAL]

SEC. 16- INT. CASA DE JUANA DE VEGA. SALÓN DE TÉ. DÍA

Concepción e Juana, vestidas coas súas opalandas e crinolinas negras, están a conversar cun grupo de mulleres burguesas ou nobres reunidas no salón dunha casa señorial. Fan calceta.

(...)Detéñense a observar como un grupo de xente de evidente extracción social humilde, vai entrando na imponente e señorial casa da condessa. Juana vai recibilos.

MAGDALENA 1

Son empregados da condessa?

CONCEPCIÓN


Non, veñen ás clases gratuítas para adultos que organiza dona Juana.

MAGDALENA 1

Na súa propia casa?

ESPERANZA

Ela mesma dá algunhas das clases..
(...)



SEC. 82- INT. PRESIDIO. ESTANCIA COMÚN. DÍA

Estamos nunha nova clase de instrución do persoal de prisión que Concepción está a impartir. A celadora 1 está a ler un texto, con certa dificultade.

CELADORA 1

(CONT.) ... distinguirán os casos de descoido ou negligencia, dos de insurrección ou resistencia a man armada, en cuxo caso actuarán con decisión e todo rigor.

Goyo entra na clase sen levantar a mirada e toma asento silenciosamente. Concepción, gratamente sorprendida acércase a el.

CONCEPCIÓN

Así que nada de vara cando unha presa fraquea no traballo... Cabo, podíanos ler en voz alta o artigo cento dezaseis da ordenanza?

Goyo baixa a mirada ao texto. Pero non di nada. Parece perdido.

CONCEPCIÓN

Aquí, artigo cento dezaseis.



Goyo permanece coa mirada fixa no texto. Pero segue sen abrir a boca. Concepción mírao, intrigada. Goyo sacode levemente a cabeza, avergonzado e mira a Concepción. Parece avergonzado. Concha, comprendendo que non sabe ler, fala apresurada.

CONCEPCIÓN

Ben, mellor léoo eu, este artigo é un pouco difícil...

Concepción baixa a vista ao libro, tamén avergonzada.

SEC. 83- INT. PRESIDIO. CORREDOR ESTANCIA COMÚN. DÍA

A clase rematou. Os empregados van saíndo. Concepción achégase a Goyo.

CONCEPCIÓN

Sr. Blanco! Sr. Blanco!

Goyo detense, fuxindo da mirada.

CONCEPCIÓN

Dona Juana de Vega ten unha escola para adultos na súa casa. Eu podería falar con ela. As clases son pola noite.



TEXTOS DE TRABAJO

T1. PENSANDO CON E A PARTIR DE CONCEPCIÓN ARENAL [Sobre educación]

“Se estivese na nosa man realizar unha reforma esencial, nada máis que unha, para combater a miseria do espírito, sen vacilar optariamos pola educación popular.

E dicimos reforma esencial, porque, ao noso parecer, non basta que a instrución do pobo se xeneralice, senón que é preciso que se reforme radicalmente, sen o cal as multitudes, aínda que saiban ler e facer letras, non deixarían de ser masas.

Hai persoas, por centenares e por miles, que chaman instrución ao coñecemento das primeiras letras, sen facerse cargo de que quen sabe ler posúe un medio de instruírse, nada máis que un medio; e se non o emprega, é como se non o tivese; e se o emprega mal, peor que se non o tivera. Instruírse é aprender verdades, adquirir ideas, e ningún erro se desvanece, ningún coñecemento se adquire por saber a que palabra articulada corresponden certos caracteres escritos.

(...) Seméllanos que, observando ben os homes e as mulleres do pobo baixo o punto de vista intelectual, e desexando melloralo, faranse as afirmacións seguintes:

- 1.ª Que o saber ler non é saber reflexionar.*
- 2.ª Que é preciso que o pobo saiba reflexionar.*
- 3.ª Que non pode aprender coa actual organización da ensinanza popular.*

CONCEPCIÓN ARENAL, *El pauperismo*, vol. II, pp.34-5 [trad. propia]

T2. [Institución Libres de Ensinanza, ILE]

A institución estima que a coeducación é un principio esencial do réxime escolar, e que non hai fundamento para prohibir na escola a comunidade en que un e outro sexo viven na familia e na sociedade. Sen descoñecer os obstáculos que o hábito opón a este sistema, cre, e a experiencia o vén confirmando, que non hai outro medio de vencelos senón acometer con prudencia a empresa, onde queira que existan condicións racionais de éxito. Xulga a coeducación un dos resortes fundamentais para a formación do carácter moral, así como da pureza de costumes, e o máis poderoso para acabar coa actual inferioridade positiva da muller, que non empezará a desaparecer ata que aquela se eduque, en canto á cultura xeral, non só como, senón co home.

(...) a institución aspira a que o seu alumnado poida servirse axiña e amplamente dos libros como fonte capital de cultura; pero non emprega os chamados «de texto», nin as «leccións de

memoria» ao uso, por crer que todo iso contribúe a petrificar o espírito e a mecanizar o traballo de clase, onde a función do profesorado ha de consistir en espertar e manter vivo o interese de rapazas e rapaces, excitar o seu pensamento, suxerir cuestións e novos puntos de vista, ensinar a razoar con rigor e a resumir con claridade e precisión os resultados.

«No cincuentenario da ILE», Madrid, 1926, pp. 71-77 [trad. propia]



- Resume cun título (unha frase) cada un dos parágrafos desta cita.
- Investiga que era a Institución Libre de Enseñanza (ILE), canto tempo durou e que repercusións sociais tivo.
- Investiga se Concepción Arenal era afín ou non ás ideas da ILE.

ACTIVIDADES



PEGÁNDONOS Á PANTALLA (P)

P1. “Ensino para a paz”. Na secuencia 20 podemos apreciar que Concepción Arenal, ademais de falar e escribir en numerosas ocasións sobre a relevancia da educación, incide a cotío nun tipo de educación que na actualidade poderíamos denominar “educación para a paz”.

- a) Estaría ela de acordo co refrán “ollo por ollo e dente por dente”? (P1) Véxase T1
- b) Sabes como refixo este refrán, que aparece xa no Código de Hammurabi e posteriormente na Biblia, o pacifista hindú Gandhi? Averigua a resposta.
- c) Con cal das versións te identificas máis e por que.
- d) Concepción dille aos fillos “se vos petan e vos insultan, non tedes por que petar e insultar tamén. Para iso havos servir a educación”. Paréceche unha afirmación ocasional –só para os seus fillos, ou dita sen pensar moito– de Concepción Arenal? Xustifica a resposta.

P2. “Ensino das mulleres”. Arenal considera que as mulleres poden realizarse en moitas máis tarefas que as que a sociedade da súa época lles permiten. Tendo en conta a secuencia 28:

- a) Que exemplos de oficios se suxiren nesta secuencia que poderían realizar as mulleres? Son todos eles accesibles ás mulleres na actualidade? Ata que punto?
- b) De que oficios excluiría Concepción Arenal ás mulleres? Ocorre así na actualidade? Cal é a túa opinión ao respecto?
- c) Unha das frases máis coñecidas de Concepción Arenal, e que se recolle na película (sec. 57) é: *“todas as cousas son imposibles mentres o parecen”*. Aplicaa aos estudos e profesións que semellaban imposibles para as mulleres no século XIX. E logo, bóttalle imaxinación e pensa en “imposibles desexables” respecto a estudos, profesións e cargos na actualidade (deixamos algún exemplo: unha muller papisa, unha presidenta dalgún dos principais bancos españois).
- d) Pregunta para o debate: Para chegar a acceder e realizarse en todos os oficios e saberes, precisan as nenas educarse conxuntamente cos nenos e estudar os mesmos contidos? Ou pode facerse de forma separada e estudando contidos diferenciados segundo o sexo?

P3. “Formación permanente e educación profesional”. Nas secuencias recollidas para este tema faise referencia, na primeira (16) á educación de persoas adultas (para alfabetizalas, neste caso), e nas segundas (82-83) á educación profesional (neste caso, o persoal de prisións). Imos profundar nestes aspectos.

- a) Busca datos das taxas de analfabetismo a mediados do XIX en España e compáraos cos mesmos tipos de datos na actualidade.
- b) Que se entende na actualidade por “formación permanente”? Consideras que nalgúns ámbitos profesionais é máis necesario que noutros? Pon exemplos.
- c) Da secuencia 16 interésanos sobre todo a parte final, na que se ve a un grupo de xente entrar na casa de Juana de Vega para recibir clases gratuítas para persoas adultas. Visita no álbum (dixital) de mulleres do Consello da Cultura Galega (www.culturagalega.org/album) a biografía de Juana de Vega e indica a continuación se realmente a escena que acabamos de indicar puido

ser máis ou menos real. E logo elabora unha listaxe dos datos que coinciden co que sabemos dese personaxe a través da película.

d) Investiga cal é a finalidade principal da Fundación Juana de Vega. Que deixou dito no seu testamento? Como se cumpre?

(P3, d) Podes visitar a web: www.juanadevega.org

e) Fíxate na forma de vestir de Juana de Vega e Concepción Arenal: era recargada ou sobria? Era alegre? De que cor? Podería reflectir algo sobre a súa forma de ser e as súas dedicacións? En todo caso, visten con elementos comúns á moda feminina da súa época: con opalandas e crinolinas. Busca o significado destas palabras.

(P3 e) Podes seguir profundando sobre o vestiario da película, na Análise do filme (por exemplo na secuencia 5).

DESPEGÁNDONOS DA PANTALLA (D)



D1. "Grandes mulleres do XIX".

Completa o seguinte cadro con datos de mulleres do s. XIX, contemporáneas de Concepción Arenal.

NOME	Anos de vida	Profesión	Lugar de procedencia
Sofía Casanova			
Juana de Vega			
Mary Somerville			
Mary Anning		xeóloga	
Emilia Pardo Bazán			A Coruña
Camille Claudel			
Sonia Kovaleskaia	(1850-1891)		

Gertrudis Gómez de Avellaneda			
Eva Gonzalès			<i>París (Francia)</i>
Georges Sand			
Carolina Coronado			<i>Lisboa (Portugal)</i>
María Mitchell	<i>(1818-1889)</i>		
Rosalía de Castro			
Clara Wieck Schumann			<i>Leipzig (Alemaña)</i>
Fernán Caballero			
Charlotte Brönte			
Rosario de Acuña			
Ada Byron			
Joanna Boyce		<i>pintora</i>	
Josefa Massanes y Dalmau			
Carmen de Burgos			




- *Cales destas autoras foron coñecidas por Concepción Arenal?*



FIN

UNHA VOZ ROMPEDORA



*Concepción
Arenal*

~ A visitadora de cárceres ~